

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE BUSCA E SALVAMENTO DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

### REUNIDOS

Dunha banda, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 73/2022, do 25 de maio (*DOG* número 101, de 27 de maio) polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra Samuel Irigoyen Crujeiras, presidente da Asociación de Busca e Salvamento de Galicia segundo o establecido no artigo 23.2 dos seus estatutos.

### EXPOÑEN

O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dispón que esta vicepresidencia segunda e consellería a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndelle á Xunta de Galicia as competencias de cooperación e colaboración, podendo materializarse estas mediante a subscripción de convenios.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (*DOG* nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (*DOG* nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.



O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

A Asociación de Busca e Salvamento de Galicia téñen entre os seus fins o fomento dunha cultura de seguridade, a prevención de accidentes e a redución das súas consecuencias negativas, a protección das persoas e do medio, tratando de poñer fin á perda evitable de vidas, e aliviando, na medida do posible, o sufrimento humano en calquera das súas formas.

O Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día, os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar, en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración coa citada asociación provincial, en materia de protección civil, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento, poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

A Asociación de Busca e Salvamento de Galicia, ten presenza en todo o territorio galego, está organizada en forma de rede para activar os seus recursos, e as súas persoas membro están dotadas coa necesaria capacitación técnica e estrutura organizativa, adquirida ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade nos que se acadaron bos resultados, o que permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta ante emerxencias e desastres nas que sexa preciso, así como en actividades de prevención de riscos.

Por isto ámbalas dúas partes,



## ACORDAN

### Primeiro. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación de Busca e Salvamento de Galicia en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en materia de Protección Civil para a prevención e intervención ante as emerxencias.

### Segundo. Obxectivos específicos

A colaboración centrarase nos seguintes apartados:

- Intervención en emerxencias nas que, unha vez avaliadas as necesidades polos técnicos de protección civil, decidiran, en consecuencia, a actuación dos medios e recursos da Asociación, podendo desprazarse ao lugar onde se produci- ra a emerxencia para colaboración cos recursos alí despregados, integrándose nos distintos equipos de intervención, segundo as necesidades.
- Participación na planificación e desenrolo dos dispositivos de risco previsible que se establezan, tanto específicos como derivados nalgún dos plans de Pro- tección Civil, poñendo á disposición das autoridades os medios e recursos que se precisen, desprazándose ao lugar do dispositivo e incorporándose nos equi- pos de intervención alí despregados, segundo as necesidades e as indicacións dos técnicos de protección civil.
- Colaborar persoal técnico da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na planificación de desenvolvemento de:
  - Cursos, xornadas, congresos e demais actividades formativas destinadas ao persoal do sistema integrado de Protección Civil de Galicia.
  - Actividades de sensibilización e prevención de accidentes destinadas á po- boación en xeral.
  - Simulacros organizados ou promovidos pola Dirección Xeral, nos que, a cri- terio da mesma, sexa precisa a colaboración da Asociación.
  - Asesoramento en materia de intervención en emerxencias e prevención de accidentes, conformando grupos de traballo ou remitindo informes técni- cos ou calquera outra actividade de asesoramento que sexa precisa.
  - Calquera outra actividade de interese social na que, en función das capaci- dades da Asociación e consonte o criterio da Dirección Xeral, sexa neces- aria a colaboración.



### **Terceiro. Mobilización e identificación**

Nos supostos de emerxencias ou activación de plans de protección civil ou cando o requiran as autoridades de protección civil da Xunta de Galicia, a mobilización dos medios e recursos da Asociación de Busca e Salvamento de Galicia en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos e realizaranse a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia.

Para o cumprimento das devanditas actividades a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comprométese a facilitar os medios e recursos precisos segundo os seus criterios técnicos e a dispoñibilidade orzamentaria. Asemade, para que facilitara a identificación dos medios e recursos da Asociación autorízase expresamente o uso do logo da central de emerxencias 112 na súa uniformidade e recursos, para as labores a desenvolver.

### **Cuarto. Publicidade**

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Quinto. Comisión de seguimento**

Créase unha comisión mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:



- A persoa responsable dunha subdirección xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Un/unha técnico/a dependente da mesma

Pola Asociación de Busca e Salvamento de Galicia:

- A persoa que ocupe a presidencia da mesma ou, no seu defecto, calquera outra persoa membro da xunta directiva en quen delegue.
- A persoa responsable de operacións ou, no seu defecto, calquera outra persoa membro da xunta directiva en quen delegue.

### **Sexto. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

### **Sétimo. Financiamento**

As actividades a desenvolver por este Convenio non implicarán ningún compromiso financeiro para a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e non supoñerán incremento do gasto público nin xerarán gasto algún. Así mesmo, non se derivan nin se asumen contraprestacións económicas entre as partes. Non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal. En concreto, a realización das mencionadas actividades, non supoñerá, en ningún caso, a percepción de emolumentos ou indemnizacións a cargo da Comunidade Autónoma.

### **Oitavo. Lexislación aplicable**

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo e dará lugar á súa resolución.



As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo e dará lugar á súa resolución.

O presente convenio terá carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a citada lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

#### **Noveno. Modificación do convenio.**

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribida polas mesmas partes que asinan este convenio.

#### **Décimo. Vixencia**

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

En proba de conformidade asínase electronicamente o presente convenio na data que figura á marxe.

Santiago de Compostela

Pola Xunta de Galicia  
O vicepresidente segundo e conselleiro de  
Presidencia, Xustiza e Deportes

Pola Asociación de Busca e  
Salvamento de Galicia

Diego Calvo Pouso

Samuel Irigoyen Crujeiras

